Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 18 Xullo 2015 22:40



Baixo o lema "Encaixamos todos", o colectivo miñorano traballa arreo na procura de patrocinadores e axudas que permitan adquirir unha furgoneta acondicionada. A mesma beneficiaría a usuarios da bisbarra cuxa mobilidade hoxe depende só de servizos privados, sinalan membros do colectivo. O problema é importante advirten porque moitas persoas e familias non dispoñen de medios económicos suficientes para pagar todos os desprazamentos.

Neste senso, membros e voluntarios de Encaixamos están ofrecendo diversos produtos no Festival PortAmérica e captando novos socios que permitan acadar o desexado vehículo.